

MEMORIA

**DEPARTAMENTO DE
GEOGRAFÍA E HISTORIA**

CPI ATIOS

CURSO 2018 - 2019

Índice

1. Introducción	2
1.1. Composición do Departamento	2
1.2. Marco Normativo	2
2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos .	4
2.1. Da Ensinanza Secundaria	4
2.2. Obxectivos por materias	6
2.2.1. Xeografía e Historia.....	6
2.2.2. Economía.....	8
2.2.3. Cultura Clásica	9
2.2.4. Valores Éticos.....	11
3. Accións realizadas	12
4. Modificacións da Programación Didáctica.....	12
5. Resultados académicos	13
6. Análise dos resultados	16
7. Dificultades atopadas.....	19
8. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso	21
9. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento.....	22
10. Plan de revisión da programación e doutros aspectos organizativos previstos para introducir cara o vindeiro curso.....	22
11. Avaliación da práctica docente.....	23
12. Outros aspectos de interese.....	27
13. Principais conclusións	27

1. Introducción

O presente documento recolle a memoria do Departamento de Xeografía e Historia do CPI Atios, en Valdoviño, correspondente ao curso académico 2018 - 2019.

No presente curso 2018-19, o número de alumnas/os da ESO do CPI Atios aos que lle impartirá docencia este departamento, é de 190 repartidos en 9 grupos: 2 grupos de 1º, 2 de 2º, 3 de 3º e 2 de 4º.

En 1º da ESO, hai un total de 53 alumnos/as. En 2º da ESO, hai un total de 35 alumnas/os. En 3º da ESO, hai un total de 56 alumnos/as. E en 4º da ESO, hai un total de 46 alumnas/os.

1.1. Composición do Departamento

O Departamento de Xeografía e Historia conta cun profesor e unha profesora de Ensinanza Secundaria con destino definitivo, sendo o profesor o Director do centro. Incorporarase tamén unha docente con destino provisional.

Don Antonio Cebreiro Melero, Director do centro, que impartirá a materia de Xeografía e Historia dun grupo de 1º da ESO.

A Xefa de Departamento será Vanessa Pita Santalla, que impartirá Xeografía e Historia dun grupo de 1º da ESO, dos dous grupos de 2º da ESO, Cultura Clásica de 3º da ESO, Valores Éticos de dous grupos de 3º da ESO e Valores Éticos de 2 grupos de 4º da ESO. Exercerá así mesmo as funcións de titora dun grupo de 1º da ESO.

Dona Lidia Beceiro Núñez, impartirá Xeografía e Historia dos grupos de 3º e 4º e Economía. Exercerá así mesmo as funcións de titora dun grupo de 4º da ESO.

Debido a que non se dispoñen de máis horas para impartir as restantes de Valores Éticos, que se asigna a este departamento, recaerán noutra profesora de distinto departamento:

Dona Alicia González Alonso, do Departamento de Plástica, impartirá Valores Éticos nos grupos de 1º e 2º da ESO.

1.2. Marco Normativo

Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.

Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galiza (DOG 29 de xuño 2015).

Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.

Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato. (BOE 30 de xullo).

Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta. (DOG 21-07-2015)

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.

Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato

Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar (DOG 27-01-2015).

Decreto 79/2010 para o plurilingüismo no ensino non universitario.

No caso do departamento de Xeografía e Historia do CPI de Atios, as materias de xeografía e historia, serán impartidas en galego, tal e como establece a normativa.

Segundo os acordos acadados polo claustro en materia de distribución lingüística que establece o decreto 79/2010 do 20 de maio para o plurilingüismo da ensinanza non universitaria en Galicia, Valores Éticos será impartida en galego e Economía e Cultura Clásica, en castelán.

2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos

2.1. Da Ensinanza Secundaria

Obxectivos	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.		*	
Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.		*	
Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.		*	
Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.		*	
Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.		*	
Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento		*	

e da experiencia.			
Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.		*	
Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.		*	
Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.		*	
Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.		*	
Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.		*	
Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.		*	
Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.		*	
Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de		*	

Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.			
--	--	--	--

Dende este Departamento, temos unha visión realista, e é por iso que entendemos que calquera destes obxectivos están parcialmente acadados. Ben sexa porque o alumnado que está nos primeiros cursos, están iniciando a súa andadura, ben sexa porque o alumnado que está nos últimos, e remata esta etapa con nós, ten aínda por diante outras etapas, nas que rematará de madurar, e adquirir as destrezas e competencias, que pecharán definitivamente estes obxectivos.

2.2. Obxectivos por materias

2.2.1. Xeografía e Historia

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

Obxectivos / Cursos	Grao de cumprimento			
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
- Identificar as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais, e culturais, para comprender o pasado e as sociedades actuais	A	A	A	A
- Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos	PA	A	A	
- Comprender que o territorio e a súa ordenación son o resultado da interacción das sociedades, ao longo da historia, sobre o medio en que se desenvolven e organizan	A	A	A	
- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xeo-económicas e os trazos físicos e humanos das rexións do mundo, facendo especial fincapé en Europa, España e Galicia	PA	PA	A	
- Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos mais relevantes na historia do mundo, de	PA	A	A	A

Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencias, para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade				
- Valorar a diversidade das sociedades humanas, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas	A	PA	A	A
- Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da Revolución Industrial	PA	NA	A	
- Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade sociocultural, para aprender a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico	A	A	A	
- Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as CCSS para aumentar a precisión no uso da linguaxe e enriquecer a comunicación	PA	A	A	
- Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de diversas fontes. Aprender a tratala de xeito autónomo e crítico e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible	PA	A	A	A
- Valorar a construción histórica do coñecemento científico e o desenvolvemento social	A	A	A	A
- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como vía para a solución de problemas humanos e sociais	PA	PA		A
- Resolver problemas e levar a cabo estudos e investigacións escolares aplicando os conceptos, técnicas e procedementos básicos da indagación característicos das CCSS	A	PA	PA	PA
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición para a paz	A	A	A	A
- Promover a participación na sociedade galega e española con plena conciencia dos seus dereitos e deberes	PA	A	A	

Facemos a mesma anotación ca nos Obxectivos Xerais da ESO, non todos están conseguidos, pero si nun grao importante.

Aqueles que se rexistran como Non Acadados, é debido a que nos cursos que non se acadaron, non se imparten as ensinanzas relacionadas co obxectivo.

2.2.2. Economía

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

Obxectivos / Cursos	Grao de cumprimento 4º ESO
- Explicar a Economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns	PA
- Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos	A
- Tomar conciencia dos principios básicos da Economía a aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e necesidades	A
- Describir os diferentes tipos de empresas e formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores así como as interrelacións das empresas coa súa contorna inmediata	A
- Analizar as características principais do proceso produtivo	A
- Identificar as fontes de financiamento das empresas	A
- Determinar para un caso sinxelo a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio	A
- Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigacións fiscais	A
- Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal relacionando estas co benestar propio e social	A
- Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e manexar o aforro como medio para alcanzar diferentes obxectivos	A
- Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de	A

ingresos e gastos do Estado así como interpretar gráficos onde se mostre dita distribución	
- Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público	PA
- Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda	A
- Diferenciar as magnitudes de tipos de interese, inflación e desemprego, así como analizar as relacións existentes entre elas	A
- Interpretar datos e gráficos vinculados cos conceptos de tipos de interese, inflación e desemprego	A
- Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e o medio ambiente	A

2.2.3. Cultura Clásica

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

	Grao de cumprimento
Obxectivos / Cursos	3º ESO
- Localizar nun mapa fitos xeográficos relevantes para o coñecemento das civilizacións grega e romana.	PA
- Coñecer algúns fitos esenciais na historia de Grecia e Roma e coñecer as súas consecuencias e influencia na nosa historia.	PA
- Distinguir e situar nun eixe cronolóxico as principais etapas históricas de Grecia e Roma.	PA
- Coñecer coa súa denominación grega e latina os principais deuses e heroes da mitoloxía grecolatina, os seus trazos, atributos e ámbitos de influencia.	PA
- Coñecer os mitos e heroes grecolatinos de maior relevancia.	PA
- Coñecer as características fundamentais da arte grega e romana e relacionar manifestacións artísticas actuais cos seus modelos clásicos.	PA

- Coñecer as características dos principais sistemas políticos presentes no mundo clásico establecendo semellanzas e diferenzas entre elas.	PA
- Coñecer as características e a evolución da organización social grega e romana e a súa presenza na sociedade actual.	PA
- Identificar e explicar os diferentes papeis que desempeñan dentro da familia cada un dos seus membros.	PA
- Identificar as principais formas de traballo e de ocio existentes na Antigüidade.	PA
- Recoñecer os diferentes tipos de escritura e distinguilas entre si, coñecendo a orixe común das diferentes linguas.	NA
- Describir a evolución das linguas romances a partir do latín como un proceso histórico.	NA
- Identificar as linguas romances e non romances da Península Ibérica e localizalas nun mapa.	NA
- Identificar léxico común, técnico e científico de orixe grecolatina na propia lingua e sinalar a súa relación coas palabras latinas ou gregas orixinarias.	NA
- Describir algúns aspectos básicos da cultura e a civilización grecolatina que chegaron ata a actualidade.	PA
- Coñecer a presenza da mitoloxía e os temas lendarios nas manifestacións artísticas actuais.	PA
- Identificar os aspectos máis importantes da historia de Grecia e Roma e a súa presenza no noso país e recoñecer as pegadas da cultura romana en diversos aspectos da civilización actual.	PA
- Realizar traballos de investigación sobre a presenza da civilización clásica no contorno, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación.	PA
- Coñecer as características fundamentais da romanización de Hispania.	PA
- Coñecer e comparar as características da relixiosidade grega e romana coa actualidade.	PA

- Explicar os fundamentos da relixiosidade romana e distinguir a relixión oficial das manifestacións de culto privado.	PA
- Coñecer as principais características dos xéneros literarios grecolatinos e a súa influencia na literatura posterior.	PA

2.2.4. Valores Éticos

Clave de interpretación: Acadado (A), Parcialmente Acadado (PA), Non Acadado (NA)

Obxectivos / Cursos	Grao de cumprimento			
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
- Construír un código ético de valores e normas que determinen as súas decisións	PA	PA	PA	A
- Realzar a dignidade persoal e a realización plena como persoas	PA	PA	PA	A
- Promover as relacións sociais	A	A	PA	A
- Desenvolver a idea de xustiza tanto na relación con outras persoas como no interior dun mesmo	A	A	PA	A
- Favorecer o desenvolvemento do alumno/a no relativo ás súas capacidades intelectivas e emocionais	A	A	A	A
- Comprender a vida como un proxecto persoal fundamentado nos valores éticos libremente elixidos	PA	PA	PA	A
- Fomentar a consolidación da autoestima, dignidade persoal, liberdade e participación democrática como cidadán ou cidadá	A	A	A	A
- Contribuír á construción dun mundo baseado na xustiza, a igualdade, a liberdade e a paz	A	A	A	A
- Potenciar a autonomía para acadar o seu propio desenvolvemento, a construción do seu pensamento e proxecto de vida	A	A	A	A
- Asumir de xeito crítico e reflexivo o exercicio da liberdade e o control da súa existencia	PA	PA	A	A
- Recoñecer os dereitos humanos como referencia universal para superar conflitos, defender a igualdade, o pluralismo político e a xustiza social	A	A	A	A
- Desenvolver o espírito crítico e argumentativo	A	A	A	A

3. Accións realizadas

As accións realizadas nas diferentes materias e niveis para acadar os obxectivos propostos na programación foron as seguintes:

Uso dunha metodoloxía esencialmente activa, limitándose ó máximo a exposición maxistral, que se tentará reducir á explicación dos conceptos máis confusos, buscando a participación constante do alumnado na construción dos coñecementos.

Lectura das unidades didácticas, fomentando tamén a competencia clave lingüística, e procederase á conseguinte explicación por parte do/da docente, enriquecida con documentos de diversa índole, tanto escritos, coma audiovisuais.

Realización de traballos e actividades individuais cos desenvolvidos en pequeno e gran grupo, facilitando a comunicación entre o alumnado e a súa participación na clase.

Potenciación das estratexias de busca e tratamento da información, tanto escrita - prensa, manuais, monografías, etc.- como oral ou visual -medios de comunicación, diapositivas, etc.-

Dentro de cada unidade comezouse sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula..., e a continuación déronse a coñecer os obxectivos da unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento.

Tentouse atender a cada alumno/a de forma individualizada, e flexibilizar o traballo adaptándose ós distintos ritmos dos rapaces e rapazas.

Realizáronse distintas probas escritas que lle obrigaran ao alumnado a estudar a materia para adquirir os estándares mínimos de aprendizaxe e poder acadar as competencias e obxectivos.

Tamén se realizaron actividades extraescolares e complementarias, como foron:

- Saída para coñecer o tecido empresarial da zona, co alumnado de Economía de 4º da ESO.

4. Modificacións da Programación Didáctica

Na materia de Xeografía e Historia de 1º de ESO, non se realizaron modificacións, no grupo de 1º A. No grupo de 1º B, foi imposible impartir a totalidade do último tema “Roma e a súa cultura”.

Na materia de Xeografía e Historia de 2º da ESO, non se realizaron modificacións.

Na materia de Xeografía e Historia de 3º da ESO, os temas de arte do Renacemento (parte da UD 11) e do Barroco (UD 13) traballáronse a través dun proxecto TIC, e o tema do século XVII mediante fichas avaliábeis.

Na materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO, todos os temas de arte traballáronse a través dun proxecto TIC. As UDs 7, 8 e 9 non se impartiron por falta de tempo.

Na materia de Valores Éticos de 1º da ESO, non se realizaron modificacións.

Na materia de Valores Éticos de 2º da ESO, non se realizaron modificacións.

Na materia de Valores Éticos de 3º da ESO, non se realizaron modificacións.

Na materia de Valores Éticos de 4º da ESO, non se realizaron modificacións.

Na materia de Economía de 4º da ESO, non se realizaron cambios nin modificacións.

5. Resultados académicos

Xeografía e historia. 1º ESO A					
1ª avaliación		2ª avaliación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
78	22	67	33	85	15

Xeografía e historia. 1º ESO B					
1ª avaliación		2ª avaliación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
77	23	77	23	81	19

Xeografía e historia. 2º ESO A					
1ª avaliación		2ª avaliación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
71	29	77	23	76	24

Xeografía e historia. 2º ESO B					
1ª avaliación		2ª avaliación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
61	39	72	28	72	28

Xeografía e historia. 3º ESO A					
1ª avaliación		2ª avaliación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
82	18	95	5	90	10

Xeografía e historia. 3º ESO B					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
88	12	75	25	83	17

Xeografía e historia. 3º ESO C					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
64	36	66	34	50	50

Xeografía e historia. 4º ESO A					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
83	17	73	27	97	3

Xeografía e historia. 4º ESO B					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
68	32	36	64	63	37

Economía. 4º ESO B					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0

Cultura Clásica. 3º ESO A					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
75	25	100	0	100	0

Cultura Clásica. 3º ESO C					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
57	43	29	71	43	57

Cultura Clásica. 3º ESO D					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
57	43	57	43	57	43

Valores Éticos. 1º ESO A					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 1º ESO B					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 2º ESO A					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
94%	6%	100	0	100	0

Valores Éticos. 2º ESO B					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 3º ESO A					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	88	12	100	0

Valores Éticos. 3º ESO B					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 3º ESO C					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 3º ESO D					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
50	50	100	0	100	0

Valores Éticos. 4º ESO A					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0

Valores Éticos. 4º ESO B					
1ª avaluación		2ª avaluación		Ordinaria	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
100	0	100	0	100	0

Pendientes. Xeografía e historia					
1º ESO		2º ESO		3º ESO	
% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos	% aprobados	% suspensos
0	100	100	0	86	14

Pendientes. Valores Éticos					
1º ESO					
% aprobados	% suspensos				
0	100				

6. Análise dos resultados

Na materia de Xeografía e Historia, en **1º ESO** os resultados poden considerarse bos en calquera dos dous grupos, tendo en conta que se acadou máis dun 80 % de aprobados.

En **2º ESO**, tamén hai uns resultados bastante satisfactorios, acadando calquera dos dous grupos, porcentaxes superiores ao 70 % de aprobados.

En **3º ESO**, resultados moi positivos en xeral nos grupos A e B. O grupo C, é o que presenta unha porcentaxe de aprobados máis baixa, sendo do 50 %.

En **4º ESO**, positivos en 4º A, con máis dun 90 % de aprobados, sendo un pouco máis baixo no grupo B.


Na materia de Economía, resultados plenamente satisfactorios, dun 100 % de aprobados.

Na materia de Cultura Clásica, resultados moi dispares, sendo malos no grupo de 3º C.


Na materia de Valores Éticos, resultados plenamente satisfactorios, dun 100 % de aprobados en tódolos cursos e grupos.

Con respecto ás materias pendentes, tamén hai disparidade, pero non son moi satisfactorios na súa maioría.


Con respecto ao curso anterior (2017-18), engadimos unhas gráficas comparativas, nas que se amosa a porcentaxe de aprobados, podendo apreciar así, a evolución ou involución do alumnado.




Nesta materia de **Xeografía e Historia**, podemos observar como os resultados de 1º da ESO son moi similares. En 2º da ESO, obsérvase un empeoramento, debido a alumnado que levaba dificultades previas. En 3º da ESO dáse unha melloría xeral. E en 4º da ESO, pode observarse tamén unha involución dos resultados, debido ao alumnado que chegou dende PMAR, e que non foi quen de adaptarse ao ritmo dun 4º ordinario, aínda tendo a opción de Aplicadas.





Na materia de **Economía** podemos observar unha melloría substancial dos resultados finais, dunha diferenza de case 10 puntos.



Na materia de **Cultura Clásica** podemos observar un empeoramento moi significativo, que nos podemos explicar debido ao cambio de criterios de cualificación e de profesorado.



Na materia de **Valores Éticos**, vemos resultados moi similares nos dous cursos, excepto en 1º da ESO, onde se mellorou.



Non dispoñemos de datos sobre as materias pendentes do curso anterior. Polo tanto, facilitamos a análise do presente curso.

Con respecto á materia pendente de **Xeografía e Historia**, ninguén superou a do 1º curso, habendo 2 alumnos que a tiñan pendente. Pendente de 2º, había un alumno, e superouna, presentando un 100 %. De 3º da ESO, tñana pendente 7 alumnas/os, superándoa 6.

Con respecto á materia pendente de **Valores Éticos**, só unha persoa a tiña pendente do curso anterior, e non a superou xa que, nin fixo os traballos periódicos, nin superou a proba de maio.

7. Dificultades atopadas

Na materia de **Xeografía e Historia de 1º da ESO**, como maior dificultade a falta de madurez do alumnado de 1º ESO A o que provocou, sobre todo no primeiro trimestre, unha falta de atención e concentración nas actividades a desenvolver na aula. En consecuencia os resultados académicos non foron excesivamente positivos. En 1º B, tamén se apreciaron comportamentos disruptivos que paralizaban parte das clases; ademais a docente tamén era titora do grupo, e moitas sesións se utilizaban para resolver problemas do grupo.

Na materia de **Xeografía e Historia de 2º da ESO**, a maior dificultade foron as dificultades previas que presentaba algún alumnado con respecto á materia, e o escaso ou nulo traballo, nalgúns casos, pola súa parte.

Na materia de **Xeografía de Historia de 3º da ESO**, a organización dos grupos: os grupos con peores resultados académicos (3º C) tiñan certas dificultades de base. O grupo de 3º C é un grupo pouco numeroso (só 12 alumnos, ao ser o grupo de referencia de PMAR), pero no que había 4 alumnos repetidores e 2 alumnos con dificultades de aprendizaxe, aos que se sumou un alumno con TDAH dende o mes de xaneiro. Por este motivo, resultaba complicado avanzar materia e o ritmo de traballo non era o desexado.

Na materia de **Xeografía e Historia de 4º da ESO**, houbo menos sesións de traballo debido ás actividades extraescolares e complementarias promovidas no centro polos diferentes departamentos. Esta situación foi especialmente notable en 4º da ESO, debido a varias excursións dos alumnos que limitaron o tempo de clase.

Polo que se refire a 4º B, a problemática foi a mestura de alumnado coa opción de Humanidades e de Aplicadas, con ritmos de aprendizaxe e coñecementos de base demasiado dispares. Ademais, entre os alumnos de Aplicadas estaban os 6 alumnos procedentes de 3º de PMAR do curso anterior. Por isto, o clima de traballo foise facendo máis difícil a medida que os alumnos procedentes de PMAR non podían seguir o ritmo dos compañeiros nin tiñan os coñecementos previos necesarios para acadar os obxectivos de certas materias, como a nosa. Iso provocou o abandono da materia e que fose complicado avanzar nas actividades de grupo.

En **Economía**, non se atoparon dificultades destacables, posto que o alumnado estaba implicado e interesado.

Na materia de Cultura Clásica, si que se atoparon dificultades, sobre todo a principio de curso. Había alumnado con NEE xa dende o principio, e incluso se deu unha nova incorporación; isto conlevaba ter que perder tempo sen poder impartir a materia, debido a comportamentos disruptivos. O resto do alumnado, tampouco estaba en consonancia co ritmo de traballo establecido, posto que moito era repetidor, e a metodoloxía e os criterios de cualificación eran distintos aos do curso anterior, co cal, argüían que a materia era máis complicada e xa non facían o esforzo por seguila.

Na materia de **Valores Éticos** non se atoparon dificultades suliñables, agás que é unha soa hora semanal, e moitas veces veuse afectada pola cantidade de celebracións e actividades extraescolares e complementarias que se celebran no centro.

8. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso

Para o vindeiro curso, as propostas de mellora que nos marcamos, xiran en torno a tres cuestións fundamentais: a achega ao Proxecto Lector, o cambio nos criterios de cualificación das materias e a organización das materias en función das actividades do centro.

En canto á achega ao Proxecto Lector, tamén nos gustaría darlle un pulo, posto que durante este curso se nos foron acordando distintas lecturas que poderían ser moi interesantes para o alumnado. Deste xeito, proporíanse unha serie de lecturas a escoller algunha coma obrigatoria, fomentaríaase a lectura en distintos soportes e de distintos xéneros, afondaríaase no uso das Bibliotecas de Aula...

Outra proposta de mellora é a revisión da programación en canto a Criterios de Cualificación.

- Consignar na programación que a nota máxima obtida nas probas de recuperación da materia pendente e nas probas extraordinarias de setembro, será dun cinco (5).

- Poder facer unha recuperación trimestral da parte asignada aos traballos e tarefas e outra das probas escritas.

- Ditas recuperacións, poderán ser por parciais. Sendo as recuperacións de xuño e setembro, de toda a materia do trimestre e de toda a materia do curso, respectivamente.

- Modificar a avaliación da materia pendente, establecendo un exame obrigatorio, podendo escoller facer ou non os traballos, que suporán unha porcentaxe do 40% total da cualificación.

- A materia pendente de Valores Éticos, estará superada, cando se supere a inmediatamente superior.

- Establecer unha nota mínima calculada pola media das probas realizadas, e non por proba.

- Incluír un 10% para traballos optativos, por exemplo restando a metade ao actual 20% de traballos recollido na programación. Deste xeito podería favorecerse máis a implicación do alumnado e tamén a súa motivación, con traballos adecuados aos seus intereses pero que non dá tempo a desenvolver durante as sesións de clase.

Outras propostas estarían relacionadas coas actividades extraescolares e complementarias do centro, ou co alumnado, que ademais de recollerse na Programación, se achegarán en CCP ou Claustro.

- Distribuír os alumnos repetidores e/ou disruptivos entre os diferentes grupos.
- Sopesar a posibilidade de crear un grupo de 4º da ESO só para os alumnos de Aplicadas, para poder atender mellor as necesidades dos alumnos procedentes de PMAR e adaptarse ao seu ritmo.
- Controlar o número de actividades nas que se pide a participación do alumnado, especialmente de 4º da ESO. Por exemplo, na preparación de certas festividades, decoración do centro, etc., ou que esta colaboración se limite ás horas de titoría.
- Evitar que as festividades ou outras actividades comúns do centro se celebren sempre no mesmo día da semana, para que a perda de horas lectivas non afecte sempre ás mesmas materias.

9. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento

O curso pasado, non se estableceu ningunha proposta de mellora, así que non podemos facer unha análise do seu grao de cumprimento.

10. Plan de revisión da programación e doutros aspectos organizativos previstos para introducir cara o vindeiro curso

En canto ao plan de revisión da programación, o proceso de avaliación ten un carácter continuo e comprende tres funcións básicas, referidas a unha fase concreta ou momento determinado do proceso avaliativo:

I. Avaliación inicial: ten lugar antes do comezo do plan ou programa e permite coñecer a realidade educativa e as necesidades do contexto do que se deriva a intervención. Foi realizada como fase previa á elaboración da programación.

II. Avaliación Formativa: ten lugar durante a implantación de dito programa e proporciona información durante o desenvolvemento do proceso para efectuar os cambios e axustes necesarios.

Conseguíuse a través das avaliacións iniciais de cada curso, e tamén adaptándoa ás dificultades atopadas co decorrer do tempo.

Para realizar a avaliación e seguimento da presente programación, en cada reunión semanal do Departamento os membros, foron valorando as adaptacións feitas na mesma, de forma que os problemas atopados puideron ser solucionados sobre a marcha. Unha vez ó mes este seguimento, as modificacións realizadas, fixéronse constar na acta das reunións.

III. Avaliación Final: Determina o alcance dos resultados acadados ó remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade do plan ou programa no seu conxunto e as posibles modificacións para conseguir unha mellora.

Para realizar as distintas fases de avaliación e poder detectar as posibles modificacións, os membros do Departamento no seu conxunto valoraron os resultados obtidos polos alumnos e alumnas dos distintos cursos e materias, o grao de cumprimento dos obxectivos xerais e por cursos, e unha enquisa sobre a práctica docente cuberta polo alumnado. Conseguiuse tamén, a través do feedback co propio alumnado.

Deste xeito, o plan de revisión da programación continuará sendo este, sempre abertas a que se podan introducir cambios, tendo en conta esa avaliación formativa da que falabamos antes.

11. Avaliación da práctica docente

A avaliación da práctica docente fíxose a través da reflexión dos seguintes indicadores de logro:

- o nivel de dificultade foi o adecuado para o alumnado
- conseguiuase motivar ao alumnado
- conseguiuase unha participación activa
- conseguiuase comunicación coa familia
- atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado
- poténcianse estratexias que favorezan a consecución das competencias clave
- ofrécese os resultados o máis rapidamente posible e coméntanse

Ademais destes indicadores, tamén se realizou unha enquisa que foi facilitada ao alumnado. Dita enquisa formulaba as seguintes cuestións, puntuando do 1 ao 10:

- Cumprimento do horario (puntualidade)
- Mantemento da orde na clase
- Motivación e interese polo alumnado e a materia
- Clima de traballo na aula
- Libros, materiais, recursos didácticos

- Claridade de exposición
- Organización e ritmo de traballo
- Capacidade de transmitir coñecementos
- Sistema de avaliación
- Que actividades que non se fixeron, pensas que se deberían de facer?
- Pensas que se podería mellorar algo?

En canto á enquisa realizada polo alumnado, algunha non é moi significativa, posto que non moitas persoas a contestaron.

En **1º da ESO A – Xeografía e Historia**, a media dos resultados da enquisa, son os seguintes:

- Cumprimento do horario (puntualidade): 8
- Mantemento da orde na clase: 9
- Motivación e interese polo alumnado e a materia: 9
- Clima de traballo na aula: 8
- Libros, materiais, recursos didácticos: 8
- Claridade de exposición: 9
- Organización e ritmo de traballo: 8
- Capacidade de transmitir coñecementos: 9
- Sistema de avaliación: 9

En canto ás actividades que lles gustaría ter feito son: máis actividades interactivas, traballos en equipo, escoitar música mentres se traballa...

En **1º da ESO B – Xeografía**, a media dos resultados da enquisa, son os seguintes:

- Cumprimento do horario (puntualidade): 9
- Mantemento da orde na clase: 6
- Motivación e interese polo alumnado e a materia: 9
- Clima de traballo na aula: 8
- Libros, materiais, recursos didácticos: 9
- Claridade de exposición: 9
- Organización e ritmo de traballo: 8
- Capacidade de transmitir coñecementos: 8
- Sistema de avaliación: 9

En canto ás actividades que lles gustaría ter feito son: máis actividades interactivas, traballos en equipo, saídas extraescolares, ritmo de traballo menos intenso...

En **2º da ESO A – Xeografía e Historia**, a media dos resultados da enquisa, son os seguintes:

- Cumprimento do horario (puntualidade): 10
- Mantemento da orde na clase: 8
- Motivación e interese polo alumnado e a materia: 7
- Clima de traballo na aula: 8
- Libros, materiais, recursos didácticos: 9
- Claridade de exposición: 9
- Organización e ritmo de traballo: 8
- Capacidade de transmitir coñecementos: 9
- Sistema de avaliación: 8

En canto ás actividades que lles gustaría ter feito son: saídas extraescolares, non ter que realizar resumos dos temas, meter menos materia nos exames, mellorar algunha explicación...

En **3º da ESO – Xeografía e Historia**, a media dos resultados da enquisa, son os seguintes:

- Cumprimento do horario (puntualidade): 9
- Mantemento da orde na clase: 10
- Motivación e interese polo alumnado e a materia: 10
- Clima de traballo na aula: 9.5
- Libros, materiais, recursos didácticos: 10
- Claridade de exposición: 10
- Organización e ritmo de traballo: 10
- Capacidade de transmitir coñecementos: 10
- Sistema de avaliación: 9.5

En canto ás actividades que lles gustaría ter feito son: saídas extraescolares, traballos en grupo, temas máis curtos...

En **3º da ESO - Cultura Clásica**, a media dos resultados da enquisa, son os seguintes:

- Cumprimento do horario (puntualidade): 10
- Mantemento da orde na clase: 8
- Motivación e interese polo alumnado e a materia: 10
- Clima de traballo na aula: 9
- Libros, materiais, recursos didácticos: 10
- Claridade de exposición: 10
- Organización e ritmo de traballo: 10
- Capacidade de transmitir coñecementos: 9.5
- Sistema de avaliación: 10

En canto ás actividades que lles gustaría ter feito son: saídas extraescolares, máis traballos de investigación, dispoñer dos apuntes nunha plataforma dixital...

En **1º da ESO – Valores Éticos**, a media dos resultados da enquisa, son os seguintes:

- Cumprimento do horario (puntualidade): 6
- Mantemento da orde na clase: 7
- Motivación e interese polo alumnado e a materia: 7
- Clima de traballo na aula: 6
- Libros, materiais, recursos didácticos: 8
- Claridade de exposición: 8
- Organización e ritmo de traballo: 7
- Capacidade de transmitir coñecementos: 8
- Sistema de avaliación: 8

En canto ás actividades que lles gustaría ter feito son: actividades máis diversas.

En **2º da ESO – Valores Éticos**, a media dos resultados da enquisa, son os seguintes:

- Cumprimento do horario (puntualidade): 8
- Mantemento da orde na clase: 8
- Motivación e interese polo alumnado e a materia: 7
- Clima de traballo na aula: 7
- Libros, materiais, recursos didácticos: 7

- Claridade de exposición: 6
- Organización e ritmo de traballo: 6
- Capacidade de transmitir coñecementos: 7
- Sistema de avaliación: 7

En canto ás actividades que lles gustaría ter feito son: actividades máis diversas.

Das materias de **4º da ESO Xeografía e Historia e Economía**, non temos datos, posto que o alumnado non cumprimentou a enquisa.

O mesmo ca de **Valores Éticos de 3º e 4º da ESO**.

Tanto nos indicadores de logro, facendo unha autoavaliación, coma na enquisa realizada polo alumnado, obtemos uns bos resultados en todas as materias.

En canto aos indicadores, o máis frouxo é a participación activa do alumnado, por iso, é unha das propostas de mellora que pensamos en introducir paulatinamente dende o vindeiro curso, utilizar metodoloxías máis activas, que o alumnado sexa máis protagonista, e que se implique máis por propio interese.

12. Outros aspectos de interese

Noutros aspectos de interese queremos deixar constancia da boa acollida que tivo a actividade extraescolar e complementaria que realizamos co alumnado de Economía.

Non foi posible realizar as outras que estaban programadas polas numerosísimas celebracións e actividades no propio centro. Pero si temos en mente organizar mellor os tempos e poder levalas a cabo o vindeiro curso, tendo en conta o éxito da realizada.

13. Principais conclusións

Chegados a este punto, as principais conclusións extraídas son as seguintes:

- os obxectivos marcados ao inicio do curso acadáronse na práctica totalidade, cun grao de cumprimento medio aproximadamente
- as accións realizadas foron as previstas a inicio de curso, agás aquelas que non se puideron realizar por falta de tempo, comportamento inadecuado do alumnado, materiais pouco axeitados...
- as modificacións introducidas foron mínimas e as que se realizaron foi debido á falta de tempo lectivo

- os resultados académicos foron bastante satisfactorios e, aínda que empeoraron con respecto ao ano anterior, non son malos, exceptuando iso si, os resultados das materias pendentes

- as principais dificultades foron temarios extensos, dispoñibilidade de poucas horas lectivas, grupos moi heteroxéneos con características específicas...

- a avaliación da práctica docente fálanos dunha necesidade de actividades fóra da aula, dun maior control dos comportamentos demandado polo propio alumnado e da realización de un maior número de actividades interactivas

Deste xeito, o Departamento de Xeografía e Historia do CPI Atios de Valdoviño, remata o curso satisfactoriamente, e tomando nota dos cambios a realizar en vindeiros cursos para unha maior e mellor consecución de obxectivos.

Valdoviño, 6 de xullo de 2019

PROFESORADO

Vanessa Pita Santalla

Lidia Beceiro Núñez

Antonio Cebreiro Melero

Alicia González Alonso